



A.N.P.A. C.E. I.P. PLURILINGÜE MOSTEIRO DE CAAVEIRO

**LUGAR AS NEVES S/N
C.P.:15613 A CAPELA**

MOCIÓN DA A.N.P.A. CEIP MOSTEIRO DE CAAVEIRO EN A CAPELA.

Incertidume coas matrículas subsidiarias do curso 24/25 no Ceip Mosteiro de Caaveiro incumprimento do acordo de ratios DOG N°12 do 17 de Xaneiro 2024 e preacordo 10 de Xullo de 2009 de agrupamentos do alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria para os efectos de constitución de unidades da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O director en funcións do CEIP Mosteiro de Caaveiro, David López Paz, infórmanos da problemática xurdida ao respecto das matriculacións de novo alumnado para o próximo curso 24/25. Achéganos a información de que o centro vese obrigado por parte da Inspección de Educación de Ferrol a baremar ao alumnado (por renta, irmás/irmáns que xa estudan no colexio, proximidade...etc) e, a pesar de que nesta campaña formalizáronse 4 preinscripcións (todas elas con intención de formalizar a matrícula), só se lles permite ofertar 2 prazas en prazo ordinario quedando as outras 2 como matrículas subsidiarias (fora de prazo), non garantindo a admisión deste alumnado que queda fora do baremo.

Como nais e pais decidimos falar telefónicamente coa Inspectora de Educación de Ferrol que nos corrobora a información que recibimos por parte do director en funcións.

Explica tamén que haberá unha resolución sobre este tema por parte da Xunta a finais de xuño que afecta a toda Galicia. E comenta ao respecto desas 2 matrículas subsidiarias que pode ser que a Xunta decida que teñan que ir a outro colexio ou non, xa que non depende directamente dela.

Amosámoslle o noso desacordo con esta situación dado que é una escola con espazo suficiente para dar acollida a estas 4 nenas e nenos de maneira definitiva.

Non fai referencia en ningún momento a quen se fará cargo do transporte escolar acompañado dunha persoa coidadora, pois non podemos obviar o feito de que o alumnado afectado ten tres anos de idade.

Sentímonos na obriga de recordar que este alumnado quere escolarizarse neste centro porque as súas nais e pais así o decidiron, nalgún caso vindo de fóra de Galicia expresamente para que as súas fillas e fillos puideran ter a posibilidade de educarse nunca escola rural con todos os beneficios que isto supón.

Por outra parte, estase a incumprir o acordo citado ao principio deste documento. Nel sulíñase que a ratio en educación para o vindiero ano é 1 docente por 12 alumnas/os. Acontece que este próximo curso serán 14 alumnas/os en Educación Infantil (as etapas de 4º,5º e 6º de EI están unidas nesta escola).

Consciente do contido deste acordo a Inspectora de Educación de Ferrol resposta cunha negativa ao feito de facilitar outra docente ou habilitar outra aula.

Amosamos a nosa incredulidade e desacordo con esa decisión e cremos que compre dar a coñecer o papel crucial da profesora de infantil no centro, pois dase a circunstancia de que, ademais de facerse cargo dos 3 cursos de Educación Infantil, tamén desempeña a función de directora do centro. Engadir tamén que isto é unha problemática que afecta a toda a veciñanza da CAPELA, non só ás familias usuarias do centro na actualidade.

Polo exposto, e dado que neste colexio tamén hai escolarizado alumnado do concello de San Sadurniño, propoñemos ao Pleno desa Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. *Solicitar da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia:*
 - a. *Que garanta a admisión destas 4 matrículas con efecto inmediato.*
 - b. *Que se cumpra o acordo e se conceda outra docente para Educación Infantil.*
2. *Dar traslado do presente ACORDO a inspección de Educación de Ferrol e á Xefatura Territorial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional*

A Capela maio de 2024